

BREVE COMENTARIO ÁS NOVIDADES FISCAIS INTRODUCIDAS POLA LEI 14/2004, DE 29 DE DECEMBRO DE MEDIDAS TRIBUTARIAS E DE RÉXIME ADMINISTRATIVO

Jaime ANEIROS PEREIRA

O Parlamento galego exerceu as súas competencias normativas no ámbito dos Impostos cedidos pola Lei 14/2004, de 29 de decembro que veu a establecer diversas medidas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, do Imposto sobre o Patrimonio e do Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

No primeiro dos devanditos impostos, as normas aprobadas establecen diversas deducións na cota autonómica. Así, establécese unha dedución de 300 euros, no caso de partos simples, e de 360 euros, no caso de partos múltiples. Esta medida poderase aplicar durante os dous anos seguintes ó nacemento ou á adopción e sempre que o fillo conviva co contribuínte do IRPF a 31 de decembro, o cal pode ter especial relevancia no caso de existir un proceso de separación matrimonial.

Para poder disfrutar desta dedución contémpanse uns límites de renda de ata 22.000 euros ou ben de entre 22.001 e 31.000 euros para disfrutar, respectivamente, dunha dedución de 300 ou de 360 euros.

A segunda dedución que contempla a Lei de medidas fiscais refírese ás familias numerosas. Xa que logo, os contribuíntes que posúan o título de familia numerosa deduciranse 250 euros, na categoría xeral, e 400 euros na categoría especial. Prevese, tamén, un incremento das cantidades a deducir cando o contribuínte ou os seus descendentes teñan unha minusvalía do 65%. Nestes casos, a dedución será de 500 ou de 800 euros, respectivamente.

En terceiro lugar, contémpanse dúas deducións referidas a aquelas persoas que precisan de coidados por terceiras persoas. Trátase da dedución por coidado de fillos menores e por minusválidos que precisen de coidados. No primeiro caso, a dedución ascende ó 30% das cantidades pagadas a unha gardería ou a unha empregada do fogar, co límite de 200 euros. Para elo o fillo debe ter tres ou menos anos, debe de realizarse unha actividade laboral ou empresarial polos dous pais e non superar 22.000 euros de renda en tributación individual ou 31.000 en tributación conxunta. Ademais, no caso de que o coidado o realice unha empregada ou empregado do fogar, debe acreditarse o alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

No caso das persoas minusválidas, prevese a dedución para aqueles que teñan unha idade igual ou superior ós 65 anos e que teñan un grado de invalidez do 65% ou superior. A dedución ascende ó 10% das cantidades pagadas co límite de 600 euros. Tamén se establece un límite de renda para poder disfrutar da dedución que coincide co fixado para o coidado dos menores e, asemade, debe acreditarse a axuda por terceiras persoas e que non se é usuario de residencias públicas ou concertadas da Comunidade Autónoma, ou ben do cheque asistencial da Xunta de Galicia.

Para finalizar coas medidas referidas ó IRPF, establécese unha dedución que trata de facilitalo acceso a internet nos fogares galegos. Para elo, introdúcese unha dedución na cota autonómica do imposto do 30% das cantidades aboadas, en concepto de alta e mensualidades, para quenes contraten liñas de alta velocidade. Esta dedución so pode aplicarse no exercicio no que se suscribe o contrato e ten un límite máximo de 100 euros. Agora ben, debe destacarse que esta dedución non se aplica ó cambio de compañía nin á contratación doutra liña de alta velocidade cando o contribuinte mantén outras liñas. Por outra banda, exclúese tamén os supostos de contratación de liñas de alta velocidade para ser usadas en actividades empresariais ou profesionais.

No ámbito do Imposto sobre o Patrimonio, régúlase o mínimo exento de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 19/1991, de 6 de junio. Así, establécese en 108.200 euros e en 216.400 euros para os casos de contribuíntes con minusvalía superior 65%. Cando a base imponible do imposto supere estas cantidades existirá a obriga de declarar por este imposto.

Tamén no ámbito da imposición patrimonial, pero referida ás transmisións lucrativas por herencia ou doazón, establécese unha redución para as persoas que padecen minusvalía que se engade á que procede polo seu

parentesco. Así si o grado de minusvalía do adquirente está entre o 33 e o 65%, a redución é de 108.200 euros. Mentres que si é superior ó 65% a redución será de 216.400 euros.

No tocante á imposición sobre o tráfico de bens, a Lei establece dúas medidas que afectan ó Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados. Así, por unha banda, fíxase no 1% o tipo de gravame aplicable sobre o valor real nas transmisións onerosas de embarcacións de recreo ou de motores náuticos. Por outra, nos arrendamentos de vivenda para particulares nos que intermedie o Instituto Galego de Vivenda e Solo, ó amparo do Programa de Vivenda de Aluguer, a cota do imposto terá unha bonificación do 100%.

Por último, debe terse en conta que a Lei tamén establece especiais obrigas de información a conta dos Notarios e dos Rexistradores da Propiedade e Mercantís. Así, para os fedatarios públicos establécese a obriga de suministrar unha relación dos documentos públicos que conteñan feitos impositivos de competencia autonómica e, tamén, o deber de facilitar unha copia electrónica das escrituras autorizadas. Pola súa banda, ós Rexistradores impónselle a obriga de comunicar unha relación de documentos que conteñan actos ou contratos suxeitos ó Imposto sobre Sucesións e Doazóns ou a o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados cando o pago destes tributos ou a presentación da declaración se realice noutra Comunidade Autónoma.

Trátase de medidas que tratan de evitala fraude fiscal mediante a sumministración de información á Administración que lle permita descubrir aqueles feitos impositivos non declarados polos contribuintes obrigados a elo.